



XUNTA
DE GALICIA

@GaliciaSostible |   

MEDIDAS PARA OS TRABALLADORES DO SECTOR DA RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19



CORONAVIRUS



Previo á xornada laboral. Medidas organizativas:

1



SINTOMAS

No caso de que un traballador presente calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada co COVID-19, non debe acudir ao traballo e debe contactar co teléfono de atención ao COVID-19 en Galicia (**900 400 116**) ou co seu centro de atención primaria e seguir as súas instrucións. Non debe acudir ao seu posto de traballo ata que lle confirmen que non hai risco para el mesmo ou para os demais.



EPIs

Garantir a dispoñibilidade e o uso adecuado de xabón e/ou produtos desinfectantes adecuados e panos desbotables así como de equipos de protección individual (EPI) adecuados, e o estrito cumprimento das normas de hixiene melloradas, incluídos os cambios frecuentes e a limpeza de EPI e roupa profesional; substitución de luvas profesionais en caso de rotura ou calquera incidente de contaminación potencial; desinfectar regularmente instalacións, cabinas de vehículos e roupa.



PERSOAS SENSIBLES

Os traballadores deben comunicar á súa empresa se teñen algunha das seguintes patoloxías ou circunstancias persoais: diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade hepática crónica, enfermidade pulmonar crónica, enfermidade renal crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo ou se é maior de 60 anos. Non é necesario que detallen a causa, pero o servizo sanitario do SPRL da empresa debe avaliar ao persoal traballador especialmente sensible en relación á infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección.



DISTANCIA

Adaptar a organización do persoal para evitar transmitir a infección entre os equipos. As tarefas e procesos laborais deben planificarse para que os traballadores poidan manter a distancia interpersonal de aproximadamente 2 metros, tanto na entrada e saída ao centro de traballo como durante a permanencia no mesmo. Reducirase ao mínimo o número de traballadores presentes na mesma área.



QUENDAS

Graduar os horarios o máximo posible e flexibilizar as entradas e saídas aos centros de traballo. No caso de que os traballadores fagan paradas durante a xornada laboral, estas deberán ser escalonadas, para evitar acumulacións de persoal. Recoméndase regular o acceso aos vestiarios mediante quendas ou horarios escalonados para evitar acumulacións de persoal.



CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

No seu caso, as empresas deberán fomentar condicións de traballo específicas para as persoas vulnerables, como persoas maiores ou traballadores e persoas con problemas de saúde crónicos específicos.



BIOMBOS

En aqueles lugares onde non sexa posible manter a distancia interpersonal de 2 m recoméndase a instalación de biombos de protección.



FICHAXE

Recoméndase suspender, de ser o caso, a fichaxe con pegada dactilar substituíndoo por calquera outro sistema.

Durante a xornada laboral.

Medidas:

2



DISTANCIA

Manter sempre unha distancia interpersonal de uns 2 metros. Se non é posible, recomendase empregar luvas e máscara protectora dun só uso. Adicionalmente, deberá usarse tamén luvas e máscara no caso de que o tipo de traballo o requira e así o indique o servizo de prevención de riscos laborais. No caso de usarse, deberá asegurarse de que se apliquen protocolos estritos sobre como poñerse e quitarse o EPI, evitando así o contacto accidental e a contaminación.



VIAS RESPIRATORIAS

Cumprir coa etiqueta respiratoria: no caso de tusir ou esberrar, facelo sobre un pano de papel e desbotalo inmediatamente nun cubo preferentemente con tapa e pedal; se non hai un pano, tusir ou esberrar sobre a parte interna do codo para evitar o contacto coa man. Lavar as mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica logo de tusir, esberrar ou soar o nariz.



PELO

Traballar co pelo recollido e, de ser necesario, con gorro desbotable.



OLLOS, NARIZ E BOCA.

Evitar tocar a cara (especialmente os ollos, a nariz ou a boca).



LAVADO DE MANS

Facer periodicamente un lavado completo de mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica e sempre logo de tusir, esberrar ou soar o nariz.



DOCUMENTACIÓN PARA O TRASLADO DE RESIDUOS

En relación á operativa de traslados de residuos, RECOMÉNDASE realizar a tramitación dos documentos de traslado de forma completamente electrónica, eliminando a impresión dos correspondentes DI, levando o transportista unha copia dixital do DI e substituíndo as sinaturas en papel por sinaturas electrónicas nos casos que sexa factible.



PRECAUCIÓNS PARA O TRATAMENTO DE RESIDUOS PROCEDENTES DE INDUSTRIAS QUE CONTEÑAN EPIs

- Non se procederá en ningún caso á manipulación manual das bolsas nas instalacións de recollida nin de tratamento.
- No caso de que se leve a cabo algún tratamento previo realizarase de forma automática.



A XESTIÓN DE RESIDUOS NA INDUSTRIA

https://sirga.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=122813&name=DLFE-57513.pdf

Ó rematar a xornada laboral.

Medidas:

3



UNIFORME E CALZADO

Quitar e embolsar os uniformes de traballo e similares, incluído o calzado antes de volver a casa.



LAVADO UNIFORME

Lavar a roupa de traballo todos os días con lavado con un ciclo completo a unha temperatura de entre 60 e 90°C. A ser posible, empregar lixivia como desinfectante.



LAVADO CALZADO

Esparexer as solas do calzado de traballo con auga + lixivia (dilución 1:50) ou outro desinfectante e gardar o calzado nunha caixa ou bolsa pechada.



LIMPEZA DE ESPAZOS

Debe haber unha limpeza exhaustiva empregando auga e xabón e/ ou desinfectantes nos lugares de traballo, e tamén dos útiles de traballo ó rematar as xornadas laborais ou nos cambios de quenda (camións, maquinaria, ferramenta, e instalacións de control), especialmente cando vaia producirse un cambio de usuario nos equipos. Esta limpeza exhaustiva debe facerse tamén extensible ás zonas comúns (vestiarios, comedores, etc.).



LAVADO DE MANS

Retirar as luvas con coidado e facer un lavado completo de mans. Ver recomendacións OMS: https://www.who.int/csr/resources/publications/swineflu/gpc-5may_How_To_HandWash_Poster_es.pdf?ua=1




LIMPEZA OBXECTOS PERSOAIS

Limpar o teléfono móbil e, de ser o caso, as gafas con auga e xabón ou alcohol.



DISTANCIAS NO FOGAR

Os traballadores deberán coidar as distancias mínimas de seguridade e as medidas de prevención de contaxios e hixiene tanto no traballo como despois no fogar, e moi especialmente se conviven con persoas incluídas en grupos de risco.



VENTILACIÓN

Realizar tarefas de ventilación periódica nos lugares de traballo e, como mínimo, de forma diaria e por espazo de máis de cinco minutos.

Para máis información:

4

Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus

<http://issga.xunta.gal/portal/contido/avisos/index.html?lang=es>

Boas prácticas nos centros de traballo. Medidas para a prevención de contaxios do COVID-19:

<https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/presidencia/Documents/2020/GUIACENTROSTRABAJOCVID19b.pdf>

Decálogo de como actuar en caso de síntomas:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/20200325_Decalogo_como_actuar_COVID19.pdf

Procedemento para os servizos de PRL das empresas:

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/PrevencionRRL COVID-19.pdf>

Produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

Hixiene de mans:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/img/COVID19_higiene_manos_poblacion_adulta.jpg



@GaliciaSostible |   